



A xestión forestal sostible en Galicia

Jose Luis Chan Rodríguez
Subdirector xeral de Recursos Forestais

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Montes




Qué é a Xestión Forestal Sostible?

"A ordenación e uso dos bosques e o terreo forestal de tal xeito e medida que se manteña a súa biodiversidade, productividade, capacidade de rexeneración, vitalidade (C&I) e o seu potencial para desenvolver agora e no futuro funcións ecolóxicas, económicas e sociais importantes, a nivel local, nacional, global, sen causar danos a outros ecosistemas"


(Conferencia Ministerial de Helsinki 1.993)




Qué é o desenvolvemento sostible?

A xustificación do desenvolvemento sostible proven tanto do feito de ter uns recursos naturais limitados (nutrintes no chan, auga potable, minerais, etc.), susceptibles de agotarse, coma do feito de que unha crecente actividade económica sen máis criterio que o económico produce, tanto a escala local coma planetaria, graves problemas medioambientais que poden chegar a ser irreversibles.

Piares do desenvolvemento sostible







Principios internacionais (I)

UNCED. Cumio de Río Xaneiro (1992). Principios para un Consenso Mundial respecto da Ordenación, Conservación e o Desenvolvemento Sostible dos Bosques (non vinculante);

"2.b) Os recursos e usos forestais deben ser manexados de forma sostible para atopar as necesidades sociais, económicas, ecolóxicas, culturais e espirituais das presentes e futuras xeracións .

NECESIDADES; productos e servizos forestais, ..., hábitat para a fauna e flora silvestres, diversidade na paisaxe, sumidoiros e depósitos de carbono, e outros productos forestais. "



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Montes




Principios internacionais (II)

Estratexia Forestal Europea

1. Os bosques, coas **súas múltiples funcións**, constitúen unha parte **esencial das zonas rurais** e un dos principais piares da política integrada de **desenvolvemento rural**, especialmente no que respecta á súa contribución á renda e o emprego e ó seu valor ecolóxico.
2. O espazo forestal, de forma natural, **forma parte do espazo rural**. Non se pode concibir unha política forestal sen a participación da poboación que ten unha vida relacionado con ese espazo. Devandita **participación** é esencial tanto para a definición da política forestal como para a súa ampliación.
3. Os Ministerios e as correspondentes Consellerías autonómicas deberán **traballar conxuntamente na elaboración do programa único de desenvolvemento rural**, dando lugar a unha política integrada que contemple o sector forestal dentro do máis amplo do medio rural.




Concepto de sostenibilidade

Os criterios Panaeuropeos na XFS (Conferencia Ministerial de Helsinki, 1.993)


- *Mantemento e mellora axeitada dos recursos forestais e a súa ós ciclos de carbono.*
- *Mantemento da saúde e vitalidade dos ecosistemas.*
- *Mantemento e potenciación das funcions productivas dos bosques.*
- *Mantemento, conservación e mellora axeitada da diversidade biolóxica dos ecosistemas forestais.*
- *Mantemento e mellora apropiada das funcions de protección na xestión de Bosques (solo e agua).*
- *Mantemento doutras funcions e condicions socioeconómicas*





Inventario Forestal Nacional III

INCREMENTO DA SUPERFICIE FORESTAL ARBOLADA: +36%

Inventario Forestal Nacional II
(1.986-1.990)



Inventario Forestal Nacional III
(1.997-2.000)




No forestal *Forestal Arbolado* *Forestal no Arbolado*

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Montes




O sector forestal: a propiedade (I)






A propiedade particular



Evolución do Bosque en Galicia




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Montes




Inventario Forestal Nacional III

ESPECIES Y GRUPOS	Superficie (ha)			
	IFN2	IFN3	IFN2 / IFN3	IFN3 - IFN2
Pinus pinaster	276.513	288.258	1,0425	11.745
Pinus pinaster y Eucalyptus sp	210.005	245.413	1,1686	35.408
Eucalyptus sp	39.183	177.679	4,5346	138.496
Mezcla de Pinus	78.770	123.457	1,5673	44.687
Quercus sp, Pinus y Eucalyptus sp	202.532	87.267	0,4309	-115.265
Frondosas autóctonas	238.372	396.690	1,6642	158.318
Otras	0	86.687	0,0000	86.687
TOTAL	1.045.375	1.405.451	1,3444	360.076





Fonte : Tercer Inventario Nacional Forestal (1998)




Criterio 1 da Xest. Forestal Sostible

- ***Criterio 1. Mantemento e mellora axeitada dos recursos forestais e a súa contribución ós ciclos globais do carbono.***








Fixación de carbono nos bosques

- *Sumidoiro directo de carbono, absorbendo CO2 mediante a actividade fotosintética, fixando o carbono e desprendendo O2.*
- *Ofrece un combustible con carbono previamente extraído da atmosfera .*
- *Aforran gastos e consumo de enerxía en procesos de fabricación doutros productos.*



BIOMASA VIVA (tronco, raíces) + MANTILLO + SOLO FORESTAL +PRODUCTOS EXTRAÍDOS


XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Montes



Fixación de carbono nos bosques

- *Baseado no Método TBRFA.*
- *Factores de transformación;*
  - *0.295 para coníferas*
  - *0,345 para frondosas*

IFN	IFN-2 (1986)	IFN-3 (1997)
CONIFERAS	15,5 MTn	18 MTn
FRONDOSAS	13 MTn	24,8 MTn
TOTAL	28,5 MTn	42,8 MTn







Potencialidade do bosque galego

- *Potencialidade de existencias de madeira (pino e eucalipto, 50 e 70 Tn de C/ha respectivamente) .*
- *Ó carbono secuestrado en forma de biomasa viva arbórea (CO2= C fixado + O2 liberado) pola actividade fotosintética, é preciso incluír o carbono que se incorpora ó solo.*
- *Faise preciso : Adecua-los sistemas de medición e transformación ás nosas especies e mellorar o manexo do solo nos diferentes usos (transformación e arroteamento de solos forestais).*

A TRAVÉS DA MELLORA NA XESTIÓN DAS NOSAS MASAS PÓDESE CHEGAR A UNHA FIXACIÓN POTENCIAL DO DOBLE DA ACTUAL



O ciclo do carbono desde o monte




Adaptado de CEPI





Efecto substitivo dos productos



Fuente: Werner et al 2003




Novos valores engadidos á madeira

- Novos usos da madeira; "**vivenda en madeira**"; experiencias nos deseños e planeamentos baixo sistemas completos de vivenda.
- Desenvolvemento e promoción de **aplicacións estructurais da madeira**; maior valor engadido que o mero destino para trituración, así como técnicas de acabado de superficie con tintes e de técnicas especiais de secado, novos productos e mercados
- I+D+i.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Montes




I+D+i







XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Montes

Criterio 2 da Xest. Forestal Sostible

- ***Criterio 2. Mantemento da saude e vitalidade do ecosistema forestal.***





Caixas niño para o fomento das aves insectívoras

O 83% dos montes galegos presenta bo estado de saúde e vitalidade, sendo superior á media da rede de seguimiento de saúde dos bosques europeos establecida no 75%




Loita integrada contra Gonipterus

- **Obxectivo; control da praga a medio prazo.**
  - Coñecemento do estado e evolución da praga.
  - Aplicación complementaria e limitada de productos químicos e biolóxicos.
  - Mellora xenética para incrementar a resistencia natural.
  - Substitución de especies mais axeitadas a estación.
- Tarefas que se están a desenvolver;
  - **Inventario** permanente (+ de 250 parcelas).
  - Traballos **experimentais** e de **síntese** da información.
  - **Divulgación, comunicación e formación** ao sector forestal.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Montes




Ferramentas biolóxicas: Caixas-niño

- Importante papel das aves insectívoras como **consumidoras de insectos** que provocan pragas (consumo anual de 5 kg/parella).
- Recomendacións:
  - As densidades óptimas → 5-8 caixas/ha (taxa de ocupación potencial 80%).
  - Estas aves contribúen a manter en moi baixos niveis de poboación ós insectos nocivos, evitando así o emprego masivo de productos químicos.
  - Aumento da biodiversidade coa utilización das caixas para especies como a avelaíña ou o leirón gris.








Ferramentas biolóx.: Hipovirulencia

- Estudio e desenvolvemento de cepas hipovirulentas do castaño fronte o control do chancro (*Cryphonectria parasitica*).
- Sistema de control e seguimento dos perforadores da madeira;
  - Establecemento de curvas de vo.
  - Instalación de caixas de feromonas.
- Sistema de control e seguimento da praga de procesionaria (*Thaumetopoea pityocampa*).







Criterio 3 da Xest. Forestal Sostible


- ***Criterio 3. Mantemento e potenciación das funcións productivas dos montes (madeirable e non madeirable).***

Nos montes galegos extráese o 52% da madeira que se incorpora cada ano, sendo inferior á media europea establecida nun 69% e básicamente aprovéitase o eucalipto, o piñeiro do país e o piñeiro insigne





Os aproveitamentos madeirables



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Montes

En 2008 cortouse case tanta madeira coma no Reino Unido ou tanta coma en Italia e Bélxica xuntas





Os aproveitamentos madeirables

- Durante o ano 2008, máis de **40.000 propietarios galegos** venderon madeira.
- Isto supón **7,9 millóns de m³ de madeira.**
- **En Galicia córtase máis do 50% da madeira de España**



7.979.800 m³ c.c.

Frondosas 5 %	Coníferas 49 %	Eucalipto 46 %
409.000 m ³ c.c.	3.892.800 m³ c.c.	3.678.000 m³ c.c.

Destinos da produción forestal

Aserrado 47 %	Taboleiros 33%	Pasta papel 20 %
3.200.000 m ³ c.c.	2.250.000 m³ c.c.	1.336.000 m³ c.c.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Montes





A transformación da madeira

TOTAL CORTAS GALICIA: 7.979.800 m³ c.c. *

Eucalipto	Otras Frondosas	Coníferas
3.678.000 m³ cc	409.000 m³ cc	3.892.800 m³ cc
3.200.000 m³ cc	2.250.000 m³ cc	1.336.000 m³ cc

PRIMERA TRANSFORMACIÓN EN GALICIA

Aserrado	Tableros y chapas	Pasta de papel
353 empresas	22 líneas	1 planta

815.000 t

50.000 t reciclado

1.916.000 m³	1.758.000 m³	410.000 Tn
Madera aserrada	Tableros	Pasta de papel

Coníferas 82%

Eucalipto 7,5 %

Otras Frondosas 9%

M.D.F. 52%

Partículas 36 %

Contrachapado 5 %

Fibra duro 3 %

Otros 3%

Chapa < 1%

T.C.F. 100%

XUNTA

CONSELL

Dirección




A industria da madeira (I)







XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Montes




A industria da madeira (II)











A industria da madeira (III)












A industria da madeira (IV)












Outros aproveitamentos

As Castañas, os cogumelos e a caza

Castañas



Producción de castañas

8.027 tonelada/ano

Valoración

215 Mpesetas/ano

1,29 Meuros/ano

Cogumelos



Producción de cogumelos


Ata 45 kg/ha/ano en monte arborado

Valoración

2.000 Mpesetas/ano

12,02 Meuros/ano

Caza



Prezo axexo corzo

100.000 pesetas/peza

En Galicia a actividade cinexética produce un movemento económico que supera os 3.000 millóns de pesetas (18 millóns de euros) anuais

Número de licencias

60.000

Gasto anual por cazador

30.000 pesetas/ano

180,30 Euros/ano

Prezo xornada caza menor

5.000 - 10.000 pesetas/xornada

30 - 60 Euros/xornada

Gasto total caza

3.000 Mpesetas/ano

18 Meuros/ano




Biomasa Forestal Primaria (I)

REAL DECRETO 661/2007, de 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.

Cultivos enerxéticos forestais (subgrupo b.6.1): Biomasa de orixe forestal, procedente do aproveitamento principal de masas forestais, orixinadas mediante actividades de cultivo, colleita e en caso necesario, procesado das materias primas colleitadas e cuxo destino final sexa o enerxético.

Biomasa forestal primaria residual (subgrupo b.6.3): Residuos de aproveitamentos forestais e outras operacións silvícolas nas masas forestais e espazos verdes. Biomasa residual producida durante a realización de calquera tipo de tratamento ou aproveitamento silvícola en masas forestais, incluídas cortizas, así como a xerada na limpeza e mantemento dos espazos verdes.





Biomasa Forestal Primaria (II)

Decreto 149/2008, do 26 de xuño, polo que se regula o procedemento de autorización das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir da valorización enerxética da biomasa forestal primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Obxecto: regular a admisión a trámite e establecer o procedemento para a autorización de centrais de produción de enerxía eléctrica a partir do aproveitamento da biomasa forestal residual primaria.




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Montes





Biomasa Forestal Primaria (III)

ZONAS DE INTERESE PARA A UBICACIÓN DAS CENTRAIS DE BIOMASA		
ZONAS		CONCELLOS
1	XALLAS -TERRA DE SONEIRA	Vimianzo, Muxía, Mazaricos, Laxe, Dumbría, Santa Comba, Negreira, Zas, Camariñas, Cabana de Bergantiños, A Baña
2	TERRA CHA-EUME	Monfero, As Pontes, Xermade, Vilalba, Guitiriz, Aranga, Irixoa, A Capela, Vilarmaior
3	A FONSAGRADA-MEIRA	Baleira, Castro de Rei, Castroverde, Pol, Ribeira de Piquín, Meira, A Fonsagrada, A Pastoriza, A Pontenova, Riotorto
4	O DEZA	Agolada, Dozón, O Irixo, Lalín, Vila de Cruces, Silleda, Forcarei, Rodeiro
5	TERRA DE LEMOS-CHANTADA-SARRIA	Pantón, Paradela, Monforte, O Saviñao, O Incio, Sober, Carballedo, A Pobra de Brollón, Chantada, Taboada, Bóveda
6	O CONDADO-A PARADANTA	Pontecaldelas, Redondela, Melón, A Lama, Avión, O Porriño, Salvaterra de Miño, Soutomaior, Salceda de Caselas, Arbo, Pazos de Borbén, As Neves, Mos, Mondariz Balneario, Mondariz, A Cañiza, Carballeda de Avia, O Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Ponteareas
7	VERÍN-A LIMIA	Cualedro, Castrelo do Val, Os Blancos, Vilardevós, Riós, Sarreaus, Oímbra, Baltar, Laza, Vilar de Barrio, Monterrei, Verín, Xinzo de Limia, Trasmiras



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Montes





Biomasa Forestal Primaria (IV)

DECRETO 149/2008, DO 26 DE XUÑO, POLO QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO DE AUTORIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE PRODUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA A PARTIR DA VALORIZACIÓN ENERXÉTICA DA BIOMASA FORESTAL PRIMARIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

DISPOSICIONS DERRADEITRAS


PRIMEIRA.-A consellería competente en materia de montes desenvolverá a definición, regulación e cuantificación da superficie dedicada aos CULTIVOS ENERXÉTICOS FORESTAIS EN GALICIA.

SEGUNDA.- A consellería competente en materia de montes establecerá, mediante orde, o conxunto de medidas de control e seguimento que exercerá a Administración co fin de comprobar e garantir a FIABILIDADE DOS SISTEMAS DE RASTREXABILIDADE implantados polas promotoras.




Criterio 4 da Xest. Forestal Sostible

- ***Criterio 4. Mantemento, conservación e mellora apropiada da diversidade biolóxica nos ecosistemas forestais***










Distribución segundo especies



Pinus sylvestris

Pinus pinaster

Pinus radiata

Quercus robur

Quercus pyrenaica

Castanea sativa

Eucalyptus globulus

O carballo (*Q. robur*) é a especie cunha maior ocupación, despois do piñeiro do país, en Galicia, extendéndose ó longo de 195.000 ha


XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Montes





Calidade da orixe do material

PLAN DE CONTROL E MELLORA DOS MATERIAIS FORESTAIS DE REPRODUCIÓN

- **Aplicación do Decreto 220/2007 polo que se crea o sistema oficial para o control da produción comercialización dos materiais forestais de reprodución.**
- **Aprobación continuada de novo material forestal de reprodución, como a Orde de 16 de abril de 2007 na que xa se inclúe a inscrición de 32 clons de híbridos de castaño (16 cualificados + 16 controlados), así como novo material para freixos, pradairos ou cerdeiras.**
- **Creación en montes e viveiros propios da Comunidade (Carboeiro, Da Braxe, Seixo, Areas,..) de hortos sementeiros das principais especies de frondosas caducifolias e coníferas.**






Criterio 5 da Xest. Forestal Sostible

- ***Criterio 5. Mantemento e mellora apropiada das funcións de protección da xestión dos bosques (auga e solo)***








Os solos en Galicia (I)

- Para Galicia obtense uns valores medios de 150 Tn C/ha, e afirmar que o solo galego forestal acumula o 95% do C dos solos galegos, fixándose o tempo de permanencia entre 1000 e 3000 anos, podendo incluso chegar aos 5000 anos.

- O fluxo no chan está condicionado por factores ambientais (temperatura, humidade), manexo silvícola e do solo, que afectan directamente á actividade edáfica microbiana, exemplos forestación - deforestación, cortas forestais, preparación do terreo, xestión de restos de cortas, incendios, aboado,…

- O arroteamento de solos forestais a cultivo produce unha forte liberación de CO_2 á atmosfera, podendo chegar segundo autores ao 50% do C contido nel.




Os solos en Galicia (II)

- En Galicia os restos de corta supoñen o 25-30% do C de toda a árbore, é preciso facilita-la súa incorporación ao solo, xa non só pola influencia directa na evolución do contido senon tamén pola influencia na temperatura e humidade que inflúen na mineralización da materia orgánica, e nas emisións de CO_2 e $CH_{4.}$

- Alguns autores estiman que o 15% deste C destes restos se transfiren ao solo.

- En Galicia prodúcese un incremento do 5% no horizonte A.

- En incendios de alta intensidade pódese chegar a perder preto do 50% de C no horizonte superficial.




O carbono órganico dos solos

Contido medio de carbono orgánico (%) nos solos galegos (Macías e Calvo, 1992)					
	Forestal	Cultivado	Pradería	% perda cultivo	% perda pradería
Esquistos e	5,7	3,2	4,0	43	29
Granitos	7	4,3	5,4	34	23
Anfibolitas	7,9	4,0	6,3	49	20
Pizarras	7,8	4,3	5,4	45	31



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Montes




Restauración hidrolóxica-forestal


- **<u>Restauración hidrolóxico-forestal</u>;** conxunto de accións relacionadas coa cuberta vexetal e outras de enxeñería, armonicamente distribuídas entre a cunca e os canles fluviais.
- **<u>Obxectivos</u>: protección do solo fronte á erosión**, regulación das avenidas e mellora do réxime hídrico, e planificación dinámica da cunca hidrográfica, que permita unha xestión sostible e integrada dos recursos naturais, solo, vexetación e auga.
- **Redacción proxectos en colaboración cos Ministerios.** .





Criterio 6 da Xest. Forestal Sostible

- ***Criterio 6. Mantemento doutras funcións e condicións socioeconómicas***







Fonte de emprego

EMPREGO DIRECTO SECTOR MADEIRA 26.000 persoas

1ª Transformación ____ 10.000 persoas

2ª Transformación ____ 16.000 persoas



12 % DO EMPREGO INDUSTRIAL GALEGO

2,5 % POBLACIÓN OCUPADA DE GALICIA




Xestión Forestal Sostible (I)

OBXECTIVOS da SOSTENIBILIDADE

1. ***Principio de equilibrio inter e intra xeneracional→Informe Brundtland***
2. ***Integración da variable medioambiental***
3. ***Principio de precaución y recoñecemento da incertidume científica***
4. ***Principio da responsabilidade compartida, subsidiaridade e participación colectiva***
5. ***Calidade de vida—aproveita-lo potencial económico—manter e recupera-la integridade dos ecosistemas***
6. ***Mellora-la coordinación dos órganos da Administración Pública***




Xestión Forestal Sostible (II)

- ***SOSTENIBILIDADE ECONOMICA*** *é un concepto tradicional: asegurar que economicamente as actividades que dependen do territorio forestal xestionado teñan a súa continuidade no futuro predicible.*
- ***SOSTENIBILIDADE SOCIAL****: mantemento da estructura social e a mellora das economías locais que dependen do territorio forestal xestionado.*
- ***SOSTENIBILIDADE MEDIOAMBIENTAL****: o ecosistema forestal non debe sufrir degradación algunha, e garanti-la protección dos recursos/procesos naturais, e a biodiversidade.*




Xestión Forestal Sostible (III)

- *XFS é a xestión que pode e debe asegurar o mantemento sostido dos recursos forestais, dos ecosistemas dependentes, e das estructuras sociais e económicas que dependen do territorio forestal xestionado.*
- *Existen catro principios básicos interrelacionados que pódense usar para avaliar si ó proceso de xestión realmente tende cara a sostenibilidade:*

Sostible	**Integral**
Científico	**Multifuncional**




Planificación xerárquica da XFS

Estructura Conceptual

Información Forestal




- **Planificación Estratéxica Longo Prazo**
- **Planificación Táctica/Operativa Medio Prazo**
- **Planificación Anual Operativa**
- **Seguimento e Control Operativo**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Montes




A certificación da XFS

- ⇒ Certificación forestal: ***procedemento voluntario polo cal unha terceira parte proporciona un garante escrito de que a xestión forestal é conforme cunha especificación técnica.***
- ⇒ **A Certificación forestal é unha ferramenta de mercado que posiblemente suporá unha expansión comercial favorecendo a exportación dos productos forestais.**
- ⇒ **Serve como medida de concienciación medioambiental, informando ós consumidores da procedencia dos productos en venta ("*Provintes de montes xestionados de forma sostible*").**
- ⇒ **En España existen dous grandes sistemas, o FSC e o PEFC.**





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Montes




Conclusións

- A **sostenibilidade forestal**, a **multifuncionalidade** e o **desenvolvemento rural** deben ser os principios reitores do desenvolvemento lexislativo forestal (**Lei de Montes**, Decreto de aproveitamentos forestais, Decreto de creación do Rexistro de Materiais Forestais de Reprodución ...).
- O aproveitamento dos recursos forestais debe ser sostible e planificada, amosando mediante **sistemas certificables unha maior credibilidade e transparencia na xestión**.
- Isto precisa planificación, xustificación, documentación, implementación e seguimento.
- **A sostenibilidade, o asociacionismo e o fomento de agrupacións de xestión posibilitará unha maior fixación da poboación** no medio rural, **creando emprego** e riqueza para Galicia.




Fontes de Información

http://www.un.org/spanish/conferences/wssd/unced.html
http://www.foresteurope.org/
http://www.fao.org/forestry/es/
http://mediorural.xunta.es/institucional/publicacions/forestal/
http://www.marm.es/
http://monteindustria2.blogspot.com/
http://www.maderasdegalicia.com/
http://www.cismadeira.es/
http://www.pefc.es/
http://www.fsc-spain.org/





Gracias pola súa atención



XUNTA DE GALIC
CONSELLERÍA DO MED
Dirección Xeral de Monte